

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004927	CPI de Mondariz	Mondariz	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	10
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	16
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	20
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	23
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	25
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	27
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	27
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	28
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	29
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	34
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	34
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	36
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	36
o) Outros apartados	37

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O currículo de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2022/23 para a etapa educativa de educación infantil e para os cursos impares das etapas educativas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato é o establecido nos decretos correspondentes en desenvolvemento dos reais decretos 95/2022, do 1 de febreiro, 157/2022, do 1 de marzo, 217/2022, do 29 de marzo, e 243/2022, do 5 de abril, respectivamente:

DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.

DECRETO 156/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación secundaria obrigatoria en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Así mesmo, o currículo de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2022/23 para os cursos pares das etapas educativas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato será o establecido, respectivamente, no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.1. EDUCACIÓN INFANTIL

A educación infantil no CPI de Mondariz contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Nesta etapa temos por fin último a consecución destes obxectivos xerais de etapa, que se atopan recollidos no Decreto 150/2022, do 8 de setembro. Para tal fin é necesario deseñar vías de actuación que orienten e guíen o proceso de ensino aprendizaxe, motivo polo cal existen os obxectivos de área, agrupados no decreto xa citado dende as tres áreas de coñecemento que establece. Para lograr que todo o alumnado acade ditos obxectivos ao remate da etapa, traballamos de xeito globalizado dende as tres áreas do seguinte xeito:

Área de comunicación e representación da realidade:

Uso progresivo da lingua oral como medio de comunicación, practicado a escoita activa e facilitando que comprendan o valor da comunicación mediante oportunidades de achegamento á lingua oral e á literatura.

Experimentacións artísticas impulsoras da imaxinación e creatividade, participando de forma activa nas actividades que abranguen o coñecemento e o traballo da plástica, da música e da expresión corporal.

Uso de ferramentas tecnolóxicas, propiciando a súa iniciación en procesos creativos, entendendo as TIC como medio de información, comunicación e gozo. Este ámbito atópase limitado, xa que na actualidade contamos cun equipamento obsoleto no centro.

Área de crecemento en harmonía:

Fomento da exploración e do coñecemento do propio corpo creando unha autoimaxe positiva, así como a importancia de coñecer as nosas emocións e sentimentos.

Valoración do xogo como fonte de gozo e coñecemento, fortalecendo mediante este os vínculos afectivos e a aceptación de normas, así como o crecente dominio motriz.

Xestión progresiva do comportamento e implicación nas actividades habituais, iniciando hábitos de constancia, orde, atención, iniciativa e esforzo.

Importancia de coñecer e satisfacer as súas necesidades básicas e a adquisición de hábitos de vida saudables (hixiene, calendario de merendas saudables).

Área de descubrimento e exploración do entorno:

Exploración activa dos elementos do medio, comprendendo as relacións que se establecen e achegándose ás nocións lóxico-matemáticas básicas.

Achegamento ao medio natural, introducindo elementos naturais na aula para promover a aprendizaxe vivencial e o desenvolvemento sensorial.

Identificación dos grupos de pertenza e das súas funcións, a adquisición de hábitos de convivencia e o achegamento aos signos da nosa identidade cultural.

1.2. EDUCACIÓN PRIMARIA 1º 3º e 5º

A educación primaria no CPI de Mondariz contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. Traballaremos estes valores en todas as materias, especialmente celebrando a través das distintas conmemoración como Día Mundial da infancia, contra a violencia de xénero, etc.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor. Aprendizaxe cooperativo, proxectos, grupos de traballo... Traballamos en pequenos grupos, cada neno e nena ten que encargarse dunha tarefa ou rol: portavoz, xestor, animador, etc. Practicamos a escritura creativa, lecturas de curiosidades, retos, desafíos, etc

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan. Dinámicas de grupo.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura. 20

minutos de lectura diaria despois do recreo.

f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran. Edixgal- Aula virtual- Plan dixital.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. XOGADE- deporte escolar.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas. Conmemoracións, 25N.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. Visitas culturais e rutas pola contorna.

1.3. EDUCACIÓN PRIMARIA 2º, 4º e 6º

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Conzecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

1.4. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA 1º e 3ª

A educación secundaria obrigatoria no CPI de Mondariz contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. Valorar a asistencia ás clases e a puntualidade, fortalecer a constancia e regularidade na realización das tarefas así como as normas e os prazos de presentación das mesmas. Tomar conciencia dos acertos e os erros tanto académicos coma persoais.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes. Valorar e paticipar nos programas e actividades do centro que promoven a igualdade de oportunidades.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos a través da educación en valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización a través do Plan dixital de centro e do proxecto Edixgal.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como

coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial como o Plan Proxecta.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. Valorar as aportacións persoais e grupais para mellorar a vida no centro. Desenvolver o espírito emprendedor a través de proxectos nas diferentes materias promovan a participación e nos que teñan que tomar decisións que desenvolvan o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender, ademais de desenvolver as funcións executivas.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. Valorar a lectura nas dúas linguas como fonte de saber e de enriquecemento persoal.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. Recoñecer o valor da diversidade cultural dos pobos.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer, valorar e respecta o patrimonio artístico e cultural de Mondariz.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social participando no programa Proxecto de vida activa e deportiva. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. Coñecer as manifestacións artísticas máis relevantes e as posibilidades plásticas, musicais e literarias do noso entorno.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Mondariz e de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. Coñecer, valora e participar na conservación do entorno natural participando no proxecto Paisaxe e sustentabilidade. Observar, analizar e valorar o legado artístico, cultural, socioeconómico e medioambiental do entorno local e de Galicia, realizando saídas extraescolares para coñecer in situ diversas modalidades de nuestro patrimonio.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona tan próxima ao noso centro.

1.5. EDUCACIÓN SECUNDARIA 2º e 4º

CPI de Mondariz contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan alcanzar os seguintes obxectivos:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. A existencia do Consello Escolar e da Xunta de Delegados permite ao alumnado coñecer e participar nos procesos democráticos dentro do centro escolar.

Durante as primeiras semanas do curso cada grupo escollerá o delegado e subdelegado que os representará na Xunta de Delegados. Esta actividade está precedida por unhas dinámicas de grupo nas que se traballan os regulamentos do sistema de elección, os valores cívicos dos representantes e a importancia da acción e participación no proceso. Posteriormente os delegados participarán na Xunta de Delegados, durante estas sesións se plantexaran

problemas e conflitos existentes dentro do centro e se traballará na resolución dos mesmos desde unha perspectiva de colaboración entre iguais.

Este ano convocáronse as eleccións ao Consello Escolar. Novamente o alumnado ten a oportunidade de participar presentándose coma representante do alumnado, de esta forma promóvese a participación e cooperación cidadá como unha responsabilidade na vida activa da sociedade.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. O centro valora a puntualidade nas xornadas lectivas sendo a súa falta sancionada negativamente. O profesorado marca as pautas de orde e limpeza no desenvolvemento dos cadernos de aula e traballos a entregar, a súa vez, o alumnado debe entregar as tarefas asignadas respectando as datas indicadas. O traballo diario, o rendemento académico e a intervención nas sesións diarias son hábitos valorados positivamente polo profesorado.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. A celebración de diversas conmemoracións dentro do calendario feminista, o 25N, o 8M, o 11F ou o 17O, teñen como obxectivo a identificación, visibilización e loita contra todo tipo de discriminación contra a muller. Estas datas son celebradas dende diferentes perspectivas aportando así ao alumnado a magnitude dos estereotipos e roles de xénero e as consecuencias que teñen na nosa sociedade.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. As accións titorias están deseñadas para previr e solucionar conflitos que poidan xurdir ao longo do curso. As reunións de tutores nas que está presente a Xefa do Departamento de Orientación e a Xefa de Estudos foron establecidas semanalmente co obxectivo principal de facer unha posta en común dos problemas e conflitos presentes en aulas, tanto colectivos coma individuais ou persoais. Durante as reunións se valoran distintas respostas e accións que permitan previr e minimizar os conflitos desde unha perspectiva de escoita activa entre o alumnado e o profesorado.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. O proxecto EDIXGAL, presente en todos os cursos da ESO, é o vector conductor na utilización das novas tecnoloxías tanto polo alumnado coma polo profesorado. O libro en formato electrónico, as webquest, a utilización de diversas aplicacións para a elaboración de presentacións ou compartir documentos na realización de traballos colaborativos, son algúns exemplos do día a día nas aulas do centro.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia. As materias do ámbito científico - tecnolóxico recollen nas súas programacións didácticas actividades de carácter práctico que son desenvolvidas no laboratorio de ciencias e na aula de tecnoloxía. Este tipo de accións proporcionan ao alumnado a posibilidade de plantexar e resolver cuestións aplicando o método científico, de esta forma poñen en valor elementos indispensables na investigación como a paciencia, a rigurosidade na toma de datos, a lóxica e a relacións de contidos entre as distintas disciplinas.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. Realizar traballos de investigación ao longo do curso co obxectivo de desenvolver o sentido crítico, con iniciativas como a celebración de efemérides para o desenvolvemento da iniciativa emprendedora, e traballos en grupo e individuais para fomentar a participación nestas actividades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. O estudo de dúas linguas estranxeiras, Inglés e Francés, ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar nas devanditas linguas con eficacia, tanto a nivel oral como escrito.

A metodoloxía responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén, as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representan situacións reais e efectivas de comunicación.

O alumnado debe comunicarse cos compañeiros e co profesorado na lingua estranxeira correspondente durante as clases e se lles anima a comunicarse na lingua estranxeira correspondente co profesorado de linguas estranxeiras fóra das aulas. Ademáis, en inglés contamos co asistente de conversación que Primaria comparte nós.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. Introducción da celebración de efemérides para o coñecemento tanto de homes como de mulleres que aportaron á cultura. Datas como o 8M, Día das Letras Galegas, Días da Muller e a Nena na Ciencia etc. Introducción da perspectiva de xénero nas materias co obxectivo de dar a coñecer a labor das mulleres en todos os ámbitos da cultura e disciplinas.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social participando no programa Proxecto de vida activa e deportiva e impartindo a materia de libre configuración *¿Afondamento en Educación Física¿*. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora. Valorar como positiva a diversidade afectivo-sexual utilizando como ferramentas o proxecto competencial de 1º ESO e charlas que partan de experiencias propias sobre esta temática.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. As materias do ámbito artístico recollen nas súas programacións tanto actividades destinadas ao fomento do coñecemento do patrimonio artístico e cultural como unha forma de que o alumnado poda apreciarlo, como actividades de expresión persoal e colectiva como a forma mais práctica e eficaz de que o alumnado poida experimentar con variedade de técnicas de expresión e de representación e comprender as diferentes linguaxes das manifestacións musicais, visuais e audiovisuais. O centro dispón de diferentes espazos expositivos, donde toda a comunidade escolar pode disfrutar dos traballos e creacións plásticas realizados polo alumnado do centro.

O centro dispón dun salón de actos dotado con diferentes instrumentos musicais a disposición do alumnado con autorización da profesora da materia de Música. O centro celebra diferentes eventos musicais ao longo do curso escolar.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. A participación do centro no Plan Proxecta Paisaxe e Sustentabilidade permite que todas as áreas establezan unha relación de ensinanza-aprendizaxe coa contorna próxima, poñendo en valor os aspectos rurais, históricos, económicos e culturais do Mondariz máis diverso.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. Introducción á lusofonía co achegamento aos países pertencentes a esta comunidade mediante a comprensión da súa historia, xeografía, cultura etc. A participación de profesorado nos programas formativos Piale con destino Oporto acércannos a realidade do país veciño, tanto na lingua nas experiencias pedagóxicas adquiridas durante as estancias no mesmo.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

No CPI de Mondariz o desenvolvemento das competencias abordárase desde todas as áreas de xeito interdisciplinario.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis de unha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia.

Tendo en conta que durante o curso 2022-2023 convivirán dúas leis educativas teremos que facer referencia ás competencias establecidas para os distintos niveis:

EDUCACIÓN INFANTIL

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

En educación infantil, potenciáanse intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e outros nenos e coas persoas adultas, aos que se dota de intencionalidade e contidos progresivamente elaborados a partir de coñecementos, destrezas e actitudes que se vaian adquirindo.

Fomentaremos así o gozo pola lectura, facilitando situacións e contextos comunicativos e promovendo actividades que faciliten a expresión oral de sentimentos, opinións, valoracións, vivencias... Exemplo: permitir o diálogo na asemblea, tratando temas de interese para as crianzas, participación no PELO.

CP-Competencia plurilingüe.

Nesta etapa, iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nas nenas e nos nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico. Deste xeito, promóvese o diálogo e a convivencia democrática.

Fomentamos o uso de ambas linguas no día a día da aula, introducindo tamén como primeira lingua estranxeira o inglés.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

As nenas e os nenos iníciáanse nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos. Para o desenvolvemento desta competencia clave, préstaselle unha especial atención á iniciación tempera en habilidades numéricas básicas, á manipulación de obxectos e á comprobación de fenómenos.

Potenciarase o razoamento matemático resolvendo problemas da vida cotiá e con actividades manipulativas. Exemplo: xogos manipulativos, clasificacións en base a diferentes características, participación en Voz Natura.

CD-Competencia dixital.

Nesta etapa, iníciase o proceso de alfabetización dixital que supón, entre outros, o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais.

Traballaranse habilidades de busca, comunicación de información e transformación da mesma en coñecemento, proponendo problemas para solucionar mediante o tratamento da información, empregando recursos tecnolóxicos. Exemplo: investigacións sobre temas de interese ou situacións que se nos presentan.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A escolarización nesta etapa supoñe tamén o descubrimento dunha contorna diferente á familiar, en que se experimenta a satisfacción de aprender en sociedade, mentres se comparte a experiencia propia con outras persoas e se coopera con elas de forma construtiva. Para iso, as nenas e os nenos comezan a pór en marcha, de maneira cada vez máis eficaz, recursos persoais e estratexias que lles axudan a desenvolverse na contorna social cunha progresiva autonomía e a resolver os conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

Pretenderase que as crianzas comprendan a realidade social na que viven, sendo conscientes da necesidade de cooperar e convivir. Fomentarase a capacidade para ser conscientes do que poden facer por si mesmos, deixando de depender da figura do adulto, así como o traballo colaborativo e a importancia da axuda entre iguais. Exemplo: resolución pacífica de conflitos, usar o diálogo para chegar a acordos.

CC-Competencia cidadá.

Co obxectivo de sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrécense nesta etapa modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pausas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.

Fomentarase a resolución pacífica de conflitos, xunto coa interiorización das normas sociais básicas de respecto e convivencia. Exemplo: resolución pacífica de conflitos, usar o diálogo para chegar a acordos.

CE-Competencia emprendedora.

A educación infantil é unha etapa na que se estimulan a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe, o cal supoñe unha oportunidade para potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas. Desta maneira, aseñtábase as bases tanto do pensamento estratéxico e creativo coma da resolución de problemas e fomentábase a análise crítica e construtiva desde as primeiras idades.

Fomentarase a adquisición de valores e actitudes persoais, así como a capacidade de escoller con criterio propio mediante as rutinas da vida cotiá. Exemplo: prepararse de forma autónoma para o comezo do día na aula, así como para a volta á casa.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Para que as nenas e os nenos constrúan e enriquezan a súa identidade, fomentábase nesta etapa a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas. Así mesmo, axúdase ao desenvolvemento da conciencia cultural e do sentido de pertenza á sociedade a través dun primeiro achegamento ás manifestacións culturais e artísticas.

Potenciarase a comprensión, o coñecemento e a valoración de manifestacións artísticas como parte do noso patrimonio. Exemplo: celebracións autóctonas como o Samaín.

EDUCACIÓN PRIMARIA LOMLOE (1º, 3º e 5º)

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Esta competencia constitúe a base da aprendizaxe e é vehículo canalizador do desenvolvemento competencial en todas as súas facetas. A información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, por tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico ou observar un fenómeno, esixe procedementos diferenciados de procura, selección, organización e interpretación. Por outra banda, é necesario incidir nos contidos asociados á descrición verbal dos razoamentos e dos procesos. Trátase tanto de facilitar a expresión como de propiciar a escoita das explicacións dos demais, o que desenvolve a propia comprensión, o espírito crítico e a mellora das destrezas comunicativas. Realizaremos actividades de interacción en parellas onde o uso da lingua oral sexa o principal, actividades expositivas para a posta en práctica do discurso formal, traballo cooperativo..

b) Competencia plurilingüe (CP).

A lingua castelá, así como todo o conxunto de linguas, estranxeiras e propias, contribúe ao desenvolvemento da habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita e para interactuar dunha maneira adecuada e creativa en múltiples contextos sociais e culturais. Esta competencia constitúe a base da aprendizaxe e é vehículo canalizador do desenvolvemento competencial en todas as súas facetas. Por outra banda, tamén se contribúe ao desenvolvemento desta competencia na medida en que unha educación lingüística satisfactoria valora todas as linguas como igualmente aptas e enriquecedoras para desempeñar as funcións de comunicación e de representación.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

A competencia vaise construíndo a través da apropiación de conceptos e habilidades que permiten interpretar o mundo físico próximo, así como do achegamento a determinados trazos do método co que se constrúe o coñecemento científico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos. A etapa de Educación Primaria ofrece contextos significativos de uso, tales como: lectura de mapas; comprensión e realización de escalas; lectura, representación interpretación e comunicación de gráficas; emprego de unidades de medida, etc., contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática. O desenvolvemento do pensamento matemático contribúe ás competencias básicas en ciencia e tecnoloxía porque fai posible unha mellor comprensión e unha descrición máis axustada da contorna. En primeiro lugar, co desenvolvemento da visualización (concepción espacial), os nenos e as nenas melloran a súa capacidade para facer construcións e manipular mentalmente figuras no plano e no espazo, o que lles será de gran utilidade no emprego de mapas, planificación de roteiros, deseño de planos, elaboración de debuxos, etc. En segundo lugar, a través da medida lógrase un mellor coñecemento da realidade e auméntanse as posibilidades de interactuar con ela e de transmitir informacións cada vez máis precisas sobre aspectos cuantificables da contorna. Por último, a destreza na utilización de representacións gráficas para interpretar a información achega unha ferramenta moi valiosa para coñecer e analizar mellor a realidade.

A adecuada comprensión lectora e a fluidez verbal son elementos importantes na resolución de problemas matemáticos.

d) Competencia dixital (CD).

Contidos que conducen á alfabetización dixital. A utilización básica do ordenador, o manexo dun procesador de textos e a procura guiada na internet, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desta competencia. O currículo inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos, o que significa algo máis que un cambio de soporte, xa que afecta as operacións mesmas que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión, etc.) e que constitúen un dos contidos básicos desta área, cuestión que incide directamente na adquisición e mellora da competencia dixital. Empregaremos a aula de informática do centro, a Aula virtual, Plan dixital, recursos Edixgal, web do centro, etc.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

A lectoescritura, xunto ao cálculo e as TIC, son ferramentas básicas para a construción do coñecemento. O aprender en equipo, en grupos heteroxéneos e a autonomía na aprendizaxe contribúen significativamente ao seu desenvolvemento. A autoavaliación e os procesos de pensamento favorecen no alumnado a posibilidade de avanzar, aprendendo dos erros, e de comunicar as súas experiencias integrando o emocional e o social. Para contribuír ao desenvolvemento desta competencia, deberá orientarse de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para aprender, para organizar, memorizar e recuperar a información, tales como resumos, esquemas ou mapas mentais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe desta área. Por outra banda, a reflexión sobre que se aprendeu, como e o esforzo por contalo, oralmente e por escrito, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

f) Competencia cidadá (CC).

Analizando esta competencia desde a capacidade para o respecto, o diálogo e o consenso, enténdese que é necesario como base para unha boa comunicación un bo uso dos códigos e usos lingüísticos. A linguaxe contribúe desta maneira para construír unha imaxe do mundo, da personalidade, mediante o desenvolvemento da capacidade de expresar vivencias, opinións, emocións, sentimentos e ideas, e a regular a propia conduta proporcionando un equilibrio e para entender os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á nosa identidade e cultura. Xogos por equipos e actividades colaborativas como búsquedas de información ou competicións onde prime o

traballo en equipo.

g) Competencia emprendedora (CE).

A planificación e xestión de proxectos de traballo ben de forma individual ou en equipo, contribúen ao desenvolvemento desta competencia xa que implican transformar as ideas en accións, afrontar os problemas e aprender dos erros, calcular e asumir riscos, elixir con criterio propio, ser perseverante e responsable, ser creativo e emprendedor, manter a motivación, ser crítico e manter a autoestima e tamén obriga a dispoñer de habilidades sociais de relación e liderado de proxectos.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

Realización, expresión creativa e apreciación das obras en distintos medios, como a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas. A lectura, comprensión e valoración das obras literarias contribúen ao desenvolvemento desta competencia, desenvolvendo a capacidade de percibir os recursos lingüísticos e literarios e o agrado pola lectura como actividade enriquecedora e pracenteira á vez que se dá leito á tendencia natural do ser humano ao xogo, ao pracer, á liberdade, e á imaxinación creadora. Actividades relacionadas cos distintos festivais e estacións do ano, organización de xornadas de xogos populares, canto de panxoliñas e outras cancións populares, realización de manualidades para a decoración dos corredores e das aulas.

EDUCACIÓN PRIMARIA LOMCE (2º, 4º E 6º)

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico parte dunha visión á vez estrutural e funcional das competencias clave, cuxa adquisición por parte do alumnado se considera indispensable para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas dos distintos ámbitos da súa vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para lograr a continuidade do seu itinerario formativo e facilitar e desenvolver a súa inserción e participación activa na sociedade e no coidado das persoas, da contorna natural e do planeta. A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución. Da mesma maneira, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Aínda que non pode establecerse unha correspondencia exclusiva cun único obxectivo, establecemos a contribución de cada un deles á súa adquisición.

SÍNTESE DA CONTRIBUCIÓN A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE NA ESO, LOMLOE (1º e 3º) E LOMCE (2º e 4º)

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL), LOMLOE e LOMCE.

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística reflérese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Nas ciencias experimentais fomentárase mediante a lectura comprensiva de libros de texto e de lectura, apuntes, artigos científicos, artigos de prensa, webs e blogges l etc.

Nos primeiros cursos da ESO farase un énfase especial dos métodos de estudo, lendo, subliñando, resumindo, esquematizando e analizando as ideas principais dos libros de texto dixitais, fomentando a lectura comprensiva coma método de aprendizaxe a longo prazo.

A nivel de centro todas as materias involucraranse na valoración das formas e destrezas na entrega de traballos, valorarase a expresión escrita ,os erros ortográficos e a exposición das ideas de forma clara coma principios fundamentais na utilización da lingua coma ferramenta de comunicación e aprendizaxe.

b) Competencia plurilingüe (CP) LOMLOE.

O estudo de linguas, estranxeiras contribúe ao desenvolvemento da habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita e para interactuar dunha maneira adecuada e creativa en múltiples contextos sociais e culturais. Esta competencia constitúe a base da aprendizaxe e é vehículo canalizador do desenvolvemento competencial en todas as súas facetas. Por outra banda, tamén se contribúe ao desenvolvemento desta competencia na medida en que unha educación lingüística satisfactoria valora todas as linguas como igualmente aptas e enriquecedoras para desempeñar as funcións de comunicación e de representación.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM) LOMLOE e competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) LOMCE.

Matemáticas, tecnoloxía e as ciencias experimentais (Bioloxía, Xeoloxía , Física e Química) son as disciplinas que presentan unha maior responsabilidade na adquisición e desenvolvemento destas competencias por parte do alumnado. A cooperación e coordinación entre estas materias permite a relación de contidos desde distintas perspectivas e unha aprendizaxe dos mesmos con metodoloxías variadas. Así, as disciplinas STEM contribuen a alcanzar obxectivos propios desta etapa educativa dunha forma transversal, unha metodoloxía baseada na práctica, no desenvolvemento da creatividade e na aplicación da lóxica ofrecen ao alumnado un acercamento a comprensión da contorna e unha aplicación do aprendido a vida cotiá.

A metodoloxía STEM está organizada dunha forma multidisciplinar na que o alumnado traballe en estancias variadas empregando distintas formas de aprendizaxe. O método científico no laboratorio, a creatividade e a aplicación de conceptos nas áreas tecnolóxicas, a lóxica, a relación e intuición na aula de matemáticas. De esta forma a inclusión e a equidade sitúanse coma o eixe fundamental no desenvolvemento desta competencia promovendo un aprendizaxe diverso e aberto as necesidades do alumnado.

Na área de matemáticas céntranse nun coñecemento e razoamento matemático para comprender, valorar, producir e interpretar información, mensaxes e problemas da vida cotiá, recoñecendo o seu carácter instrumental para outros ámbitos do coñecemento (interpretar e expresar con claridade información, datos e argumentos de textos; uso de escalas numéricas e gráficas). , sistemas de referencia ou recoñecemento de proporcións e formas xeométricas; cálculo de tempos, distancias, traxectorias, pesos,...; representación de ideas musicais a través de signos e grafías diversas como pentagramas,...)

Nas ciencias experimentais fomentárase as saídas a laboratorios de facultades de ciencias, visitas no centro de persoas relacionadas coas disciplinas STEM, a realización de obradoiros, charlas e talleres onde o alumnado agudice a súa curiosidade e intuición científica. Fomentárase unha actitude respectuosa no desenvolvemento de xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos así como a participación na conservación, protección e mellora do medio natural e social.

O centro valora o impacto no medio ambiente e o consumo responsable promovendo a reciclaxe e separación de residuos en diferentes contenedores de reciclaxe (orgánico, plástico, papel e pilas) localizados en diferentes espazos do centro.

Debido a existencia da brecha de xénero nas disciplinas STEM, xorde a necesidade e a responsabilidade de promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Deste xeito, as responsables da disciplinas STEM propoñen unha actividade de centro onde se conmemore o 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. Durante unha semana o alumnado traballará o papel de diversas figuras femininas no desenvolvemento da ciencia e tecnoloxía, valorarán os avances científicos e a súa repercusión na sociedade e poñerán en practica algúns dos experimentos que realizaron ao longo da historia.

d) Competencia dixital (CD) LOMLOE e LOMCE.

Todas as áreas participan no desenvolvemento de esta competencia xa que, desde 5º de Primaria ata 4ºESO implantouse o uso da aula E-dixgal ou aula virtual, o uso de páxinas web por parte do profesor e do alumno, a realización de tarefas ou traballos online, tanto na aula coma na casa:

Todo o alumnado do centro, ao pertencer ó proxecto E-Dixgal dispón do seu propio equipamento informático cos aplicativos Abalar e conexión a internet no centro, desta maneira desenvolve aplicacións informáticas dentro do propio ensino-aprendizaxe das diferentes materias. Se promove a súa curiosidade e interese pola variedade de software dentro da maqueta abalar, xa que dispón de aplicativos de Educación, ofimática, gráficos, programación, audio e vídeo, entre outros. Todo dentro dun uso ético da informática e a compartición de contidos na rede, contemplados nas NOF do centro.

O alumnado ten que presentar os traballos en tempo e forma indicado polo profesorado, se algún alumno/a entrega un traballo copiado a non será valorado axeitadamente.

O alumnado do centro emprega os contidos dixitais, o seu libro dixital, e presenta a información das diferentes materias de forma gráfica, audio, procesador de textos ou presentacións.

As aulas están equipadas cos ordenadores persoais do alumnado, encerado dixital interactivo, videoproxector e carros de carga de baterías. Se dispón dun entorno virtual de aprendizaxe <https://eva.edu.xunta.gal> coas diferentes editoriais Edebé, Netex, Learning, Aula Planeta ou Pearson.

No centro se fan charlas sobre o bo uso das novas tecnoloxías, chat e compartición de datos na rede. Consellos sobre protexer as contrasinais persoais do alumnado. A partir deste curso 2022-23, se recolle nas normas do centro o uso do móbil, non permitido salvo autorización do profesorado ou dos titores legais do alumnado.

A través da páxina web do centro existe unha comunicación entre o alumnado, familias e profesorado, onde se participa, colabora e interactúa compartindo contido de interese educativo e información sobre o centro. Actividades como a celebrada coa Cruz vermella, celebración do Día da Paz ou o día da NON violencia de xénero teñen como finalidade a implicación dentro da comunidade.

Outras ferramentas dixitais de que dispón o centro para a comunicación entre familias, alumnado, o profesorado e/ou titores é a través do portal *¿espazoAbalar¿* <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/> ou a app *¿abalarMóvil¿*.

A páxina web do centro, tamén resulta unha vía de comunicación coa publicación de anuncios, plans, calendarios ou novas de interese.

A aula virtual do centro resulta a plataforma de comunicación entre os usuarios do centro e xestión de cursos de diferentes materias.

Durante o curso 2021-22 elaborouse o Plan Dixital de Centro, este está publicado na páxina web do centro onde se reflexa a competencia dixital nese curso.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) LOMLOE e Aprender a aprender (CAA) LOMCE

Estas competencias convírtense nunha prioridade desta etapa educativa, o alumnado precisa adquirir autonomía e independencia ao longo destes 4 anos,. A nivel xeral o centro promoverá unha serie de hábitos de estudo e organización que axuda ao alumnado a obter mellores resultados académicos mellorando o seu nivel de valía e autoestima. O emprego das axendas escolares, os calendarios de aula e o calendario dixital son algúns dos exemplos das ferramentas aplicadas neste eixo.

A elaboración de traballos, presentacións, posters, exposicións orais,, a prácticas de laboratorio e proxectos tecnolóxicos levan implícitos unha serie de normas e pautas para o bo resultado da tarefa, así permiten o desenvolvemento académico do alumnado e o crecemento persoal e espírito crítico.

A nivel de aula fomentaranse as actividades que desenvolvan a autonomía para seguir aprendendo, para o que é necesario unha correcta comprensión das capacidades propias, tanto intelectuais como emocionais e físicas. Por outra banda, compre contribuír á desenvolver no alumnado a capacidade de comprender de que forma aprender, para o que se realizarán actividades que promovan a recompilación de información, a súa selección e a súa comprobación e a xestionar os tempos de entregas para que o alumnado sexa quen de xestionar o seu propio tempo, con metas a curto, medio e longo prazo. Por último, o alumnado será partícipe da súa valoración a través de actividades de autoavaliación.

f) Competencia cidadá (CC) LOMLOE e competencias sociais e cívicas (CSC) LOMCE.

O Plan de Convivencia do centro xoga un papel fundamental no desenvolvemento destas dúas competencias. As NOF e os elementos transversais (seguridade vial, igualdade entre homes e mulleres, non discriminación por motivo de raza ou relixión, etc) convírtense nunha necesidade na adquisición das memas a nivel de centro. Fomentárase a interiorización da existencia de conflitos e a súa necesidade de resolución a través do diálogo baseado nun sistema

de valores que parta da Declaración Universal de Dereitos Humanos e da Declaración dos Dereitos dos Nenos.

A integración do alumnado na cidadanía e na vida política fai imprescindible a necesidade de participación do alumnado na toma de decisións do centro, por iso as titorías levan a cabo unha explicación pormenorizada dos sistemas de votación e responsabilidade na elección dos seus representantes no Consello Escolar, na elección de delegado e na súa participación na Xunta de Delegados.

En todas as materias fóméntase a tolerancia e o respecto aos compañeiros, os traballos grupais, a elaboración de proxectos, as postas en común mediante debates e choivas de ideas promoven os comportamentos de cooperación e participación entre iguais.

g) Competencia emprendedora(CE) LOMLOE e Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) LOMCE.

O centro fomentara a participación voluntaria do alumnado en todos os proxectos e actividades do centro: concertos e festivais, PLAN PROXECTA (Paisaxe sustentabilidade e XOGADE), participación activa en obradoiros, talleres, charlas e exposicións.

Os traballos, experimentos, proxectos tecnolóxicos, a defensa das ideas propias e desenvolvemento das destrezas artística son ferramentas que axudan e fomentan unha aprendizaxe baseada na motivación e curiosidade individual do alumno/a para incorporalas no colectivo da clase, lugar onde están presentes diversos intereses e variadas formas de aprender. O alumnado poderá escoller as temáticas do seu traballo, as formas de presentalo e expoñelo, permitindo que desenvolva a súa iniciativa persoal e o seu carácter emprendedor.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC), LOMLOE e LOMCE.

Son as áreas de Música e Educación Plástica e Audiovisual as que farán unha labor máis relevante na adquisición desta competencia. Dende o coñecemento da linguaxe visual, corporal e musical o alumnado aprende a mirar, ver, observar, percibir e apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do patrimonio cultural propio e alieo. A experimentación e investigación cas diferentes técnicas musicais, plásticas e visuais para expresarse a través da música e a imaxe, tamén contribúe a acadar esta competencia. As materias específicas comprendidas na área artística do centro fomentan a participación do alumnado en concursos, exposicións e actos musicais, tanto no centro como en outros espazos da contorna promovendo unha convivencia sana e diversa.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

EDUCACIÓN INFANTIL

Principios pedagóxicos.

A práctica educativa nesta etapa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e de cada neno. Ademais, deberá levarse a cabo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social, e o establecemento dun apego seguro. A dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo. Nese sentido, as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das áreas. Así mesmo, velarase por garantir desde o primeiro contacto unha transición positiva desde a contorna familiar á escolar, así como a continuidade entre ciclos e entre etapas.

O proceso de ensino-aprendizaxe basearase nunha metodoloxía marcada polos seguintes principios:

_Principio de Aprendizaxe significativa, empregando unha metodoloxía que nos permite reestructurar os coñecementos previos, partindo daquelas aprendizaxes que xa teñen adquiridas.

_Principio de Globalización, integrando contidos e obxectivos das tres áreas de coñecemento nunha mesma actividade.

- _Principio de Actividade, partindo da intensa implicación do alumnado, sendo este sempre o protagonista do proceso.
- _Principio de Interese, adecuándonos ás inxedanzas e necesidades do noso alumnado.
- _Principio de Individualización, prestando unha atención individualizada, coñecendo a situación persoal de cada alumno e incidindo en aqueles que se atopan en desvantaxe.
- _Principio de Socialización, traballando as relacións sociais coa intención de que o alumnado afiance coñecementos, destrezas e habilidades sociais.
- _Colaboración Familia-Escola, mantendo unha comunicación constante por diversos medios ao ser conscientes da importancia da continuidade de ambos contextos, promovendo a súa participación e colaboración.
- _Clima Afectivo e de Seguridade, que provoque predisposición para participar e comunicarse libremente a través dos diferentes tipos de expresión, fomentando a formación dunha autoimaxe positiva e a consolidación da súa autoestima.
- _Principio do Xogo, dotando toda actividade cun carácter lúdico, así como posibilitando o xogo autónomo e libre.
- _Principio de Creatividade, potenciando a orixinalidade e a singularidade, tan necesaria para valorar de forma positiva as diferenzas individuais de cada un.
- _Profesor mediador e motivador, ofrecendo a axuda necesaria, sendo acompañantes e guías dos procesos de ensino aprendizaxe.

Elementos transversais.

Nos dous ciclos desta etapa, atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregárase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tameñen se incluíra a educación en valores.

Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables.

Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

Prestarase especial atención ao principio de igualdade, ponendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos materiais educativos.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Principios pedagóxicos.

Na educación primaria ponérase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.

Partindo da base de que o alumnado é o protagonista absoluto do proceso de enseñanza-aprendizaxe, a intervención educativa buscará desenvolver e asentir progresivamente as bases que lle faciliten unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

Elementos transversais.

Na etapa de Educación Primaria trataranse de forma prioritaria e sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento en todas as áreas.

- A comprensión lectora xunto coa correcta expresión oral e escrita, son uns dos obxectivos principais que debe acadar o alumnado na etapa de EP.

- As tecnoloxías da información e comunicación: tendo en conta que a escola é a porta cara o futuro, debe ir en consonancia coas novas esixencias formativas da sociedade.

- Emprendemento: afianzaráñ o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza en si mesmo e o sentido crítico.

De igual modo, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

Educación para a paz: nestas idades os conflitos de relación son bastante frecuentes. Coas nosas actividades debemos encouzar estas situación para dar a posibilidade de solucionarlas polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra fronte á agresividade.

Educación do consumidor: procuraremos levar a cabo actividades que outorguen no posible criterios para o uso adecuado dos materiais en función da súa utilización e non de modas ou campañas publicitarias.

Educación para a saúde: Promovendo unha alimentación adecuada (sobre todo nas merendas que traen ao centro) e fomentar un exercicio que sexa adecuado e estruturada para promover unha boa calidade de vida. (Deporte escolar- Xogade)

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Educación para a convivencia: entendemos a escola como un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa. Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico.

Educación intercultural: contribuíndo a que todos os nosos alumnos/as aprendan a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social. Procurando fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xeñero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Coeducación: modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Principios pedagóxicos

1. Atenderase á diversidade do alumnado e poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas para cada unha das materias ou dos ámbitos reflectidas nas programacións.

3. Para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deseñaranse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, o centro ten organizada a incorporación dun tempo de lectura.

5. O centro imparte de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro están concretadas as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas inclúen acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

Elementos transversais

O centro educativo constitúe un eixo fundamental no desenvolvemento integral do alumnado, por este motivo é preciso elaborar un proxecto educativo que non se limite a adquisición de contidos teóricos, un proxecto que incorpore elementos que permitan o enriquecemento do alumnado como persoas inclusivas dunha sociedade xusta e equilibrada.

A educación en valores e os elementos transversais supoñen un reto na formación de futuros cidadáns. As aulas, patios e corredores son lugares fundamentais na actuación ante conflitos afectivo emocionais. A presenza de equipos multidisciplinares onde traballar dende distintas dimensións e realidades, a dotación de ferramentas de traballo da autoestima e autocoidado e a posta en valor das necesidades propias da atención a diversidade, fan deste proxecto educativo unha aposta cara a atención aos cambios e conflitos que supón esta etapa educativa.

Desta forma, será competencia de cada Departamento incorporar nas súas Programacións Didacticas elementos que permitan ao alumnado traballar as seguintes cuestións recollidas no currículo:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúnas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarase en todas as materias.

2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

O Proxecto Competencial de 1º ESO, Igualdade de Xénero, supón unha aposta de traballo cara os principios fundamentais do centro. A igualdade, o respecto e a visibilidade das mulleres fundamentan unha materia competencial coma un recurso de cambio e mellora na contorna próxima do alumnado.

O currículo LOMLOE da materia de Bioloxía e Xeoloxía de 3ºESO fai especial mención a necesidade de traballar as relacións afectivo sexuais, as emocións, a sexualidade e a diversidade sexual. A programación didáctica da materia presenta recollidas actividades concretas que abordan estas necesidades. Mediante talleres e obradoiros impartidos polas especialistas de QUEROTE + e mediante traballos cooperativos abriranse debates, traballaranse tabues e resolveranse dúbidas, fomentando así o respecto e tolerancia cara as diferentes realidades

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

A comunicación inclusiva atópase presente en todos os documentos do centro coma un dos axentes socializadores principais.

Os símbolos, linguaxes e representacións reflicten directamente na visión e percepción das normas e estereotipos por parte alumnado. Mediante unha comunicación non sexista pretendemos transmitir a existencia de diferentes realidades xogando un papel fundamental na inclusión e na loita contra os roles establecidos na sociedade global e da nosa contorna.

5. Participarase en actividades que permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

EDUCACIÓN INFANTIL

A achega de distintas opcións para o acceso aos contidos, o deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades, a promoción da motivación ou o emprego de metodoloxías activas serán eixes básicos da intervención educativa, aproveitando a curiosidade que ten o alumnado por explorar e descubrir o mundo que o rodea.

Da man dos Principios pedagóxicos mencionados no apartado anterior atopámonos cos seguintes puntos claves da nosa metodoloxía:

_Agrupamentos do alumnado: presididos por dous principios reguladores, favorecer o intercambio comunicativo e resolución cooperativa das tarefas. Estes agrupamentos son flexibles, variando ao longo da xornada, atopándose en diversos momentos cos seguintes:

_Traballo individual, (actividades nos recunchos, sobre papel...).

_Pequenos grupos (distribución de tarefas para fin común: xogos de construción, confección de murais...).

_Gran grupo (assemblea, actividades audiovisuais...)

Así, o traballo en parella, en pequenos grupos ou en gran grupo, favorecerá o diálogo e facilitará o desenvolvemento da tolerancia, o respecto polos outros e a capacidade de pedir e ofrecer axuda, habilidades imprescindibles para

aprender a traballar en equipo. Ademais, este tipo de agrupamentos potencian a autoestima e a motivación por aprender.

_Organización dos espazos: creamos ambientes funcionais cos que o alumnado poida sentirse seguro e desenvolverse con liberdade. As aulas están distribuídas en recantos, variables en número e tipo dependendo da idade do alumnado. Respectamos o principio de flexibilidade e diversidade de elección, co obxectivo de adecuar a intervención educativa ás características tanto individuais como grupais.

En canto ao uso dos espazos comúns (patio, sala de psicomotricidade, aula de informática...) aterémonos ás decisións adoptadas no PEC.

_Organización do tempo: elabórase un horario flexible e adaptable, no que incluímos diferentes tempos para levar a cabo:

Rutinas (entrada, asemblea...).

Tempos de actividade (individuais, gran grupo, pequeno grupo; actividades do proxecto; ...).

Hábitos de hixiene (lavado de mans) e alimentación (merendas saudables).

_Xogo por recunchos.

_ Descanso.

A organización do tempo será flexible e quedará supeditada a posibles variacións, imprevistos e que poidan xurdir ó longo do curso.

_Actividades:

. Segundo a finalidade: avaliación inicial, motivación, desenvolvemento, investigación, avaliación final, ampliación e reforzo.

. Segundo o recurso expresivo empregado: expresión oral, escrita, matemática, plástica, musical, audiovisual, expresión corporal e dramática.

. Segundo a modalidade de agrupamento: individuais, pequeno grupo, grupo clase, asemblea, internivel, de ciclo e mesmo interciclo.

EDUCACIÓN PRIMARIA

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo o desenvolvemento de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe do neno/a.

ACTIVIDADES

Todas as actividades están formuladas en base aos principios recollidos na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia.

Estes principios fan referencia á normalización e inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e promoción da convivencia, entre outras. Polo tanto, realizaranse diferentes actividades que permitan a realización de exercicios e á suá vez o desenvolvemento das diferentes avaliacións.

Teremos en conta a seguinte tipoloxía de actividades:

- Actividades de exploración de coñecementos e ideas previas. Activación.
- Actividades de reestruturación e desenvolvemento do coñecemento.
- Actividades de reforzo e ampliación.
- Actividades de consolidación.
- Actividades de avaliación.

Durante este curso o alumnado de 5o, intégrase no proxecto E-dixgal e xunto cos de 6o seguirañ afondando no desenvolvemento das competencias dixitais precisas para sacarlle o maior partido posible ao entorno E-dixgal e ás ferramentas dixitais. Parte do traballo de aula e de casa realizarase coa dotación entregada para este proxecto.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado ao obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar o proceso educativo, garantido a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

Nas programación didácticas fixaránse as estratexias e principios metodolóxicos que levará a cabo o profesorado para alcanzar os obxetivos previstos en cada materia, así como a adquisición das competencias entre os que destacamos: aprendizaxe cooperativo, actividade e experimentación, gamificación, participación, motivación, personalización, inclusión, interacción, significatividade, globalización, metacognición, avaliación formativa ...

O punto de partida da aprendizaxe dos/as alumnos/as son primeiro os coñecementos previos.

- Buñscanse tarefas que captan a motivación do alumnado e facilitan así a aprendizaxe.
- Tense en conta que os nenos/as aprendan de distintas formas e a ritmos diferentes polo que seflexibilizarán as tarefas de modo que tozdosos integrantes do grupo poidan participar.
- Considerarase o progreso pero tamen o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe, dañndolle así aos alumnos/as confianza en si mesmos/as.

Cabe destacar que a acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado dunha coordinación do profesorado de todas as etapas co fin de lograr un desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo común.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A práctica docente debe partir do alumnado, dos seu coñecementos previos, para poder levar a cabo un aprendizaxe significativo, que remate nunha consecución de criterios de avaliación e adquisición de competencias e non nunha memorización de contidos. Ademais, o proceso de ensinanza-aprendizaxe debe ser progresivo, polo que se debe partir do sinxelo ao complexo, do concreto ao abstracto, do xeral ao particular

_ Motivación: ao alumnado hai que motivalo/a mediante xogos, actividades audiovisuais, prácticas no laboratorio, proxectos, prácticas de música, obradoiros e conferencias, contando con investigadores, visitas a centros de investigación, faladoiros con escritores e periodistas, en definitiva, consite en acercar a ciencia, a creatividade, e espírito crítico ás aulas.

_ Autostima: fomentase a creatividade coidando o ambiente na aula e propoñendo actividades variadas e abertas que respectan os niveis de dificultade e as características de cada individuo.

_ Intuición: pode realizarse mediante a observación directa da natureza, mediante sistemas multimedia ou prácticas no laboratorio de ciencias ou aula de tecnoloxía. O alumnado aprende asociando, relacionando, aplicando e interpretando fenómenos naturais de ámbito global ou local.

_Reflexión constante: Se realizará como mínimo unha tarefa de indagación ou investigación por trimestre, para poñer de manifesto a importancia da investigación e dos proxectos como resposta ás novas necesidades educativas.

_Socialización: a LOMLOE fai especial mención a necesidade de educar no campo do benestar emocional, a socialización e a ética cidadá. Desde o centro instamos a unha metodoloxía cooperativa baseada na necesidade de evitar o illamento e apoiando o traballo en equipo. A heteroxeneidade e diversidade dos equipos acercan ao alumnado a un futuro laboral eficaz. As dinámicas de grupos contemplan tanto os traballos individuais, os pequeno grupos ou grupo grande. Ademais, no desenvolvemento das actividades se aproveita a sinerxia que xurde entre o alumnado para resolver as pequenas dificultades.

_ Interacción profesora-alumno/a:

. Interacción profesora-alumno/a: o fío condutor xeral vai ser o método de proxectos para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe coa resolución de problemas técnicos.

. Interacción alumno/a-alumno/a: Se empregarán traballos colaborativos e distintos tipos de agrupamentos (traballo individual, en parellas, pequeno grupo ou gran grupo), que implican distintos graos de autonomía.

Partindo destes principios, promoveranse os seguintes tipos de actividades:

_ De iniciación e motivación para ter unha impresión sobre os coñecementos previos do alumnado e, ademais, intentar motivalos para os coñecementos e capacidades que desenvolverán.

_ De desenvolvemento e consolidación, que pretenden ser un conxunto de actividades nas que poidan poñer en práctica as cuestións que se van traballando nas diferentes materias ao longo do curso.

_ De reforzo e ampliación: tendo como máxima a diversidade do alumnado, propóñense un conxunto de actividades que axuden a mellorar ou a ampliar, segundo a/o alumna/o as súas capacidades en relación con cada materia.

_Extraescolares e complementarias, que servirán para apoiar e desenvolver o visto no centro pero, ademais, para ampliar os límites do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

_Actividades de avaliación, que serán todas aquelas destinadas á obtención dun valor numérico que posteriormente será reflectido no boletín de notas.

Para poder levar a cabo este tipo de actividades levaranse a cabo unha serie de técnicas didácticas como os cuestionarios orais, a exposición de contidos, a lectura de imaxes, arquivos de son e audiovisuais, o uso do ordenador persoal, a realización de debates, traballos de investigación, e a realización por parte do alumnado de mapas conceptuais, esquemas etc.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

EDUCACIÓN INFANTIL

Os materiais serán variados e adaptados ás necesidades, aos contidos e os proxectos traballados, priorizando que non sexan estruturados e que permitan múltiples posibilidades de acción. Primarán os materiais naturais e reciclados, proporcionando así unha experiencia sensorial máis enriquecedora e prestarase especial atención á utilización de elementos que proveñan do contorno familiar dos alumnos.

Contamos con diferentes tipos:

_Sensoriais (mesa de luz).

_Lóxico-matemáticos (regretas, balanzas, xogos numéricos, material non específico para conteo e clasificación, xeoplanos, policubos).

_Lectoescritura (letras sensoriais, encerado, tarxetas de vocabulario).

_Artísticos (plastilina, papel, cartón, pinturas de diferentes tipos).

_Audiovisuais e informáticos (EDI, proxector).

A mala conexión a internet, merma a posibilidade de empregar moitas ferramentas e facer actividades dixitais

En canto aos recursos didácticos, son tamén variados e xiran sobre a elección dun método de traballo mixto, que combina o uso de cadernos para o traballo grafomotriz e lóxico-matemático, xunto con secuencias didácticas e proxectos como elementos e recursos fundamentais.

Consideramos fundamental destacar os recursos humanos cos que contamos; dende os especialistas de AL, PT, relixión, inglés, psicomotricidade e música, e demais profesorado do centro, persoal non docente, ata o servizo de pediatría, atención temperá e servizos sociais do noso concello.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere que favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado. Para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos.

- Humanos: o equipo docente e resto de profesionais que traballan no centro e familias do alumnado.

- Materiais: empregaranse tanto convencionais (libros, fotocopias, pizarra, tablón...), manipulativos, auténticos, visuais (fotografías, diapositivas...), audiovisuais e interactivos (vídeos, programas...) e TIC (edixgal en 5º e 6º, páxinas web, aplicacións, aula virtual, web do centro...) e material elaborado polos propios mestres.

Empregaremos material manipulativo para adquisición de conceptos matemáticos (material para conteo, para a adquisición do valor posicional, para o entendemento das multiplicacións, das potencias?) en ciencias e nas linguas (vocabulario, regras ortográficas, tipos de palabras, categorías gramaticais...)

- Organizativos: o principal serán as aulas de cada curs, pero acudirase a outras instalacións como a biblioteca, ximnasio, aula de música, aula de informática, aula de inglés, de relixión...

EDUCACIÓN SECUNDARIA

_Na aula: pizarra branca, tablóns, dicionarios, calculadoras, xogos (trivial, tabú e pictionary).

_TIC. o principal é a plataforma EVA-EDIXGAL e a aula virtual do centro. Empreganse presentacións, exposicións de vídeos e simulacións, enderezos web de consulta; plataformas e aplicacións para o traballo de carácter interactivo (Kahoot, Educaplay, Genially, Prezi, Canva...).

_Espazos: aula, biblioteca, laboratorio de ciencias, taller de tecnoloxía, aula de informática, ximnasio, aula de música, aula de plástica, salón de actos.

_Materiais manipulativos: papel milimetrado, regras, cadernos...

_Libros de lectura, xornais, dicionarios e outras obras de consulta con diferentes enfoques pedagóxicos; o encerado clásico, etc.

_Outros: material preparado polo profesorado, fotocopias

As materias do Departamento de Tecnoloxía se van desenvolver, principalmente, no taller de tecnoloxía, xa que o alumnado dispón de equipamento informática co software específico da materia a través da plataforma Edixgal. O taller está equipado con 6 mesas de traballo, ferramentas, máquinas e material limitado segundo o número do alumnado. Conta con equipos de robótica: 6 mBlock Ranger e 12 mBlock Makeblock e dúas impresoras 3D, León 3D

(que está operativa a día de hoxe) e BQ Witbox (en probas de funcionamento). Se dispón de material limitado de programación con Arduino para proxectos moi sinxelos.

As materias dos Departamentos de Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química se van a desenvolver principalmente na aula, pero tamén se empregarán espazos coma o salón de actos para conferencias, videoconferencias, obradoiros científicos ou actividades conmemorativas e o laboratorio de Ciencias (para prácticas e obradoiros). O laboratorio está dotado con 4 mesas grandes de traballo, pizarra branca, ordenador e canón proxector e con material diverso (lupas, microscopios, estufas, placas calefactoras, material funxible, etc.).

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

O alumnado poderá escoller entre a área de relixión católica ou a materia de Atención Educativa (EI) e Educación en valores cívicos e sociais (2º, 4º e 6º de EP).

Coa implantación da LOMLOE no 1º, 3º e 5º niveis de Educación Primaria, o alumnado pode optar pola área de relixión católica ou a área de Proxecto Competencial que estará enfocada ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo da comunidade. No noso centro, o Proxecto Competencial estará ligado ao Proxecto proposto pola Biblioteca do centro

En todo caso, as actividades propostas nesta materia irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes e en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha materia da etapa.

Como materia de libre configuración, o centro establece para o alumnado de 4º de Educación Primaria a materia de Afondamento nas áreas de LC e MT e Francés como segunda lingua estranxeira para o alumnado de 6º.

Ademais, ofértase a materia de Educación Plástica e Visual en 5º e 6º de Educación Primaria en inglés xa que o centro forma parte do programa da Consellería - Seccións Bilingües.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1º CURSO (MATERIA/SESIÓN)

Lingua Galega e Literatura/ 3
Lingua Castelá e Literatura/4
1ª Lingua Estranxeira/3
Matemáticas/ 5
Xeografía e Historia/ 3
Educación Física/ 2
Bioloxía e Xeoloxía/ 3
Relixión/Proxecto competencial/1
2ª Lingua estranxeira/ 2
Educación Plástica, Visual e Audiovisual/ 2
Tecnoloxía de Dixitalización/ 3
Titoría/ 1

2º CURSO (MATERIA/SESIÓN)

Lingua Galega e Literatura/ 3
Lingua Castelá e Literatura/3
1ª Lingua Estranxeira/3

Matemáticas/ 5
Xeografía e Historia/ 3
Educación Física/ 2
Física e Química/ 3
Relixión/Valores/1
2ª Lingua estranxeira/ 2
Laboratorio/ 1
Afondamento de Educación Física/1
Reforzo de galego/1
Tecnoloxía/ 3
Titoría/ 1
OPTATIVA AUTONÓMICA 2º ESO: Laboratorio
OPTATIVA DE CENTRO DE 2ºESO: Afondamento de Educación Física e Reforzo de galego.
Deben escoller 1 das 3 optativas ofertadas.

3º CURSO (MATERIA/SESIÓNS)

Lingua Galega e Literatura/ 3
Lingua Castelá e Literatura/3
1ª Lingua Estranxeira/3
Matemáticas/ 4
Xeografía e Historia/ 3
Educación Física/ 2
Bioloxía e Xeoloxía/ 2
Física e Química/2
Relixión/Proxecto competencial/1
Educación en Valores Cívicos e Éticos/2
Educación Plástica, Visual e Audiovisual/ 2
Música/ 2
Titoría/ 1
OPTATIVA AUTONÓMICA 3º ESO/3 a elixir entre: 2ª Lingua estranxeira, Cultura clásica, Oratoria ou Educación Dixital.

4º CURSO (MATERIA/SESIÓNS)

Comúns
Lingua Galega e Literatura/ 3
Lingua Castelá e Literatura/3
Xeografía e Historia/ 3
1ª Lingua Estranxeira/3
Educación Física/ 2
Matemáticas Académicas/ Matemáticas Aplicadas /3
Relixión/Valores/1
Titoría/ 1
Optativas Ensinanzas Académicas: deben escoller dúas.
Bioloxía e Xeoloxía/ 3
Física e Química /3
Economía/3
Latín /3
Optativas Ensinanzas Aplicadas, deben escoller dúas.
Iniciativa a Actividade Empresarial/3
Tecnoloxía /3
Ciencias Aplicadas a Actividade Profesional/3
Optativas autonómicas de 4ºESO, deben escoller 2
Iniciativa a Actividade Empresarial/3
Tecnoloxía /3
2ª Lingua estranxeira/ 3
Tecnoloxías da Información e a Comunicación/3
Música/3
Cultura Científica /3

Educación Plástica, Visual e audiovisual/3
Filosofía/3
Bioloxía e Xeoloxía/ 3
Física e Química /3
Economía/3
Latín /3
Cultura Clásica/3
Artes Escénicas e Danza/3
Ciencias Aplicadas a Actividade Profesional/3

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Todas as actividades previstas se adecuarán ao cumprimento das seguintes condicións:

- Deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.
- Comunicación á Dirección e á Xefatura de Estudos, coa suficiente antelación, para a súa correcta planificación.
- Cada profesor responsable da saída deberá enviar á dirección do centro mediante o enderezo electrónico os detalles da mesma para trasladalos á Inspección Educativa. Naqueles casos nos que non exista acordo entre o profesorado do grupo para a realización dunha saída, deberá trasladarse ó equipo directivo, quen escoitará as diferentes argumentacións presentadas e valorará a adecuación e a viabilidade da actividade proposta.
- Que non implique alteración grave no funcionamento do Centro.
- Autorización por parte dos/as pais/nais e/ou titores legais.
- Que haxa suficientes profesores para acompañar a saída.
- Que se disponá de tempo suficiente para a súa organización, así como de dotación económica (no caso de ser necesaria).
- Que haxa dispoñibilidade horaria.
- No caso de alumnado con dificultades de comportamento, analizarase caso por caso e tomarase a decisión pertinente sobre a súa asistencia, con comunicación do titor/a á familia.
- As actividades avaliaranse por parte do equipo docente implicado en cada unha delas.

As actividades atópanse concretadas na PXA, poderán propoñerse outras actividades complementarias e extraescolares durante o curso.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O Plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar (art. 51 da Orde do 8 de setembro de 2021):

Será elaborado polo profesorado que imparte a materia no caso de materias que teñan continuidade, baixo as directrices do departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor. No caso de materias que non teñan continuidade no curso seguinte será elaborado polo departamento didáctico.

Debe incluír, cando menos;

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Información relevante sobre a/s materia/s sen superar.
- Currículo para desenvolver.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios.
- Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia e implicación no seu desenvolvemento.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento e, de ser necesario, realizaranse os axustes que procedan.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

1. EDUCACIÓN PRIMARIA

O Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permanece un ano máis no mesmo curso (art. 50 da Orde do 8 de setembro) ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron á repetición.

Será elaborado polo equipo docente do curso presente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

Identificación da alumna ou do alumno.
Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
Acreditación da información á familia.
En cada sesión de avaliación farase o seguimento e, de ser necesario, realizaranse os axustes que procedan.
A final de curso informarase sobre o desenvolvemento.

2. EDUCACIÓN SECUNDARIA

Na avaliación final o/a profesor/a da materia decidirá o Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso (art. 52 da Orde do 8 de setembro de 2021)

Elabóralo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

Identificación da alumna ou do alumno.

Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición.

Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

Estratexias metodolóxicas que se utilizarán.

Recursos necesarios.

De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento e, de ser necesario, realizaranse os axustes que procedan.

Ao final do curso, na sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

EDUCACIÓN INFANTIL

A avaliación será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e polos nenos.

A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e dos nenos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados. Con esta finalidade, todas as persoas profesionais implicadas avaliarán a súa propia práctica educativa, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

Existen tres tipos de avaliación en función do momento no que se levan a cabo: inicial, permítenos coñecer o nivel de desenvolvemento do alumnado, así como detectar necesidades e poñer en marcha os protocolos necesarios para atendela; continua, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, co obxectivo de valorar a efectividade das propostas e tomar determinadas decisións; final, realízase unha valoración xeral de todo o acadado polo alumno ao longo do curso escolar.

O referente para establecer os criterios de avaliación constitúeno os obxectivos xerais, os obxectivos das áreas e os contidos, así como as competencias básicas. Entre os procedementos de avaliación, a observación directa e sistemática convértese nunha ferramenta de primeira orde, permitindo ao profesorado realizar o seguimento ao longo do proceso educativo, valorando e axustando a súa intervención educativa en función dos datos obtidos. En canto aos instrumentos de avaliación, destacamos as entrevistas coas familias, o diario de aula, as producións dos alumnos, as situacións de xogo e as conversas co alumnado.

Establecemos para tal fin numerosos criterios de avaliación, que teñen por obxectivo profundar nas tres áreas de coñecemento para proporcionarnos así unha visión global e obxectiva da evolución do alumnado. Estes criterios agrupámoslos nos seguintes ámbitos: planificación das tarefas, participación, organización e coordinación do equipo, obxectivos e contidos, organización espacial e material, temporalización, recursos materiais e persoais, metodoloxía e actividades.

As titoras elaborarán un informe trimestral que quedará rexistrado no XADE e elaborarán un boletín informativo de AVALIACIÓN PARA AS FAMILIAS propio, elaborado por elas mesmas.

A duración do período de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais na educación infantil poderase aumentar excepcionalmente nun ano respecto do disposto con carácter xeral. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os sete de idade.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Avaliación:

Para a avaliación tomamos como referente a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación será adaptada ás circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo; esta adaptación en ningún caso se terá en conta para aminorar a cualificación obtida polo alumnado.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa, os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe LOMCE, ou os saberes básicos asociados a cada área introducidos coa LOMLOE.

Os criterios de cualificación estarán determinados polos datos obtidos a través dos distintos instrumentos de avaliación indicados nas programacións.

A cualificación final de cada unha das materias progresivas (LC, LG, MT, LE, EF, EA, MeD, EPeV, RC, VSeC e PC) corresponderase coa MEDIA PONDERADA* das cualificacións obtidas polo alumnado nas tres avaliacións parciais, aproximada ata as centésimas (se estas igualan ou superan 500, enténdese que a nota final é a correspondente co número enteiro posterior), tendo un peso/valor cada unha segundo se especifica:

1a Avaliación: 30%

2a Avaliación: 30%

3a Avaliación: 40%

En cada avaliación estableceranse mecanismos que permitan comprobar o progreso en todos os aspectos avaliados anteriormente.

En canto ás materias non progresivas (CCSS e CCNN) a cualificación final de cada unha destas materias será a resultante do cálculo da MEDIA ARITMÉTICA das tres avaliacións parciais realizadas ao longo do curso académico, aproximada ata as centésimas. Se estas igualan ou superan 500, enténdese que a nota final é a correspondente co número enteiro posterior.

No caso do alumnado con adaptación curricular serán os referentes de avaliación os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

Cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo ou medidas específicas de intervención. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

Na avaliación final recolleranse as cualificacións das competencias adquiridas polo alumnado. Os valores realizaranse mediante o cálculo ponderado empregando a cualificación final de cada materia e o peso establecido pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro para cada materia en cada competencia. Este resultado será supervisado pola xunta de avaliación que determinará o grao competencial de cada alumno ou alumna.

Promoción:

No que á promoción se refire terase en conta o exposto no artigo 6 da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa de Ed. Primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada polo equipo docente, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática. Este proceso contará en todo momento co asesoramento do Departamento de Orientación.

Na sesión de avaliación para a decisión de promoción, o equipo docente estudará por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada alumno ou alumna, atendendo á natureza das súas dificultades e analizando se estas lle impiden verdadeiramente seguir con éxito o curso seguinte, así como as expectativas favorables de recuperación.

O equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado tendo en conta os seguintes aspectos:

- a) Aspectos emocionais e relacionais.
- b) Contexto familiar e sociocultural.
- c) Evolución do alumno/a.
- d) Posibilidades de progreso.
- e) Análise xeral do grupo de referencia e do grupo do que o alumno/a pasaría a formar parte, valorando así a integración do alumno/a.
- f) Grao de adquisición das competencias clave. Resultados das distintas áreas.
- g) Informe da persoa titora. Informe do Departamento de Orientación, de ser o caso.

O alumnado promocionará ao nivel ou etapa seguinte sempre que o equipo docente considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias e o axeitado grao de madureza. Así mesmo promocionará sempre que as aprendizaxes non alcanzadas non lle impidan seguir con aproveitamento o novo nivel ou etapa.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida considérase de carácter excepcional e adoptárase se tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender ao desfasamento curricular ou ás dificultades de aprendizaxe do alumno/a, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso carácter excepcional.

Neste caso o equipo docente organizará un plan específico de reforzo, para que durante ese curso, a alumna ou alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Para a súa elaboración e seguimento seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro que desenvolve o decreto que regula a atención á diversidade.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Tomando como referencia os artigos 24, 25 e 26 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establecemos os seguintes criterios para a avaliación, promoción e titulación:

AVALIACIÓN

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias quedarán reflectidos en cada programación.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou

graduado en educación secundaria obrigatoria.

2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

4. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

5. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nas programacións.

6. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

8. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

9. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

10. Na avaliación final recolleranse as cualificacións das competencias adquiridas polo alumnado. Os valores realizaranse mediante o cálculo ponderado empregando a cualificación final de cada materia e o peso establecido pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro para cada materia en cada competencia. Este resultado será supervisado pola xunta de avaliación que determinará o grao competencial de cada alumno ou alumna.

PROMOCIÓN

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos nas programacións das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste documento.

4. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

5. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa.

TITULACIÓN

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no punto 1 deste documento referido á avaliación en educación secundaria obrigatoria de, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.

4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.

Para os efectos de promoción e de titulación, a nota media de cada curso da alumna ou do alumno será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico, arredondada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

EDUCACIÓN PRIMARIA

En base ao Artigo 5.4 da Orde do 9 de xunzo de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os equipos docentes poderañ proponer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación e outorgarase ao alumnado cunha nota media de 9,00 ou superior.

O número de mencións honoríficas outorgadas por cada curso non poderañ ser superior ao 20% do alumnado matriculado en 6o curso.

No caso de empate, tomarase como referencia a nota dos cursos anteriores:

1o Alumnado con unha cualificación de 9 ou superior na nota media nas materias de 5o curso.

2o Alumnado con unha cualificación de 9 ou superior na nota media nas materias de 4o curso.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra en función do número de alumnos e alumnas matriculados. O alumno/a que teña a maior nota media (superior a 9) recibirá a mención de matrícula de honra. No caso de empate, tomarase como referencia a nota dos cursos anteriores.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Tomando como referencia o Preámbulo o Decreto 105/2015 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro) e seguindo o establecido na Resolución do 26 de maio de 2022 pola que se ditan as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e BACH no curso académico 2022-23 cada docente do centro elaborará a principio de curso, respectando os prazos establecidos, as programacións didácticas das áreas que imparte. Todas estas programacións reflectirán os elementos establecidos no artigo 41 da citada con anterioridade resolución.

A programación terá un carácter aberto e flexible e revisarase cunha periodicidade trimestral reflectindo os resultados nas memorias. No caso de detectar algún cambio significativo no desenvolvemento da programación que supoña ter que facer variacións importantes, informarase deles á xefatura de estudos, para comunicalos á inspección educativa.

O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoavaliación.

A avaliación da propia práctica docente e da programación constitúe un punto de inflexión clave para lograr a mellora continua do proceso de ensino aprendizaxe. Por isto, dende a etapa de educación infantil avaliamos ambos aspectos centrándonos nos seguintes puntos clave:

- _Adecuación dos obxectivos propostos ás peculiaridades do grupo.
- _Pertinencia na selección dos contidos en función dos coñecementos e experiencias previas do noso alumnado.
- _Idoneidade das decisións metodolóxicas, así como das actividades e dos recursos didácticos.
- _Validez dos criterios e idoneidade dos procedementos e instrumentos de avaliación empregados.

Para afondar en todos eles, deseñamos indicadores de logro que nos permiten reflexionar sobre a nosa labor docente, realizando unha serie de preguntas para analizar a situación e permitíndonos elaborar unha resposta clara e unha concepción adecuada dos aspectos a mellorar.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

As programacións didácticas dos cursos pares da ESO rexidos polo Decreto 86/2015, incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:

1º. Temporalización.

2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia

3º. Procedementos e instrumentos de avaliación

- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- i) Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- k) Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- l) Medidas de atención á diversidade.
- m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.
- n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

A programación didáctica dos cursos impares da ESO, cuxos currículos están regulados no decreto 156/2022 e 157/2022, será elaborada na aplicación PROENS e constará dos seguintes apartados:

- a) Introducción

- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave
- c) Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización
- d) Metodoloxía
 - a. Concrecións metodolóxicas
 - b. Materiais e recursos didácticos
- e) Avaliación
 - a. Procedemento para a avaliación inicial
 - b. Criterios de calificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou ámbito
 - c. Criterios de recuperación, procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- f) Medidas de atención á diversidade
- g) Transversal
 - a. Concreción dos elementos transversais
 - b. Actividades complementarias
- h) Práctica docente
 - a. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
 - b. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

A programación terá un carácter aberto e flexible e revisarase cunha periodicidade trimestral reflectindo os resultados nas memorias. No caso de detectar algún cambio significativo no desenvolvemento da programación que supoña ter que facer variacións importantes, informarase deles á xefatura de estudos, para comunicalos á inspección educativa.

O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoavaliación.

MODELO RESUMO PARA ALUMNADO E FAMILIAS

A) Breve introducción

B) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave

C) Materiais e recursos didácticos

D) Avaliación. Criterios de calificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou ámbito.

Criterios de recuperación, procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

A dirección do centro porá en coñecemento do claustro os plans e programas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades dirixidas a fomentar a innovación educativa no centro a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial. A participación será aprobada polo claustro e formarán parte da Programación xeral anual.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Cada curso escolar, a dirección do centro propondrá a revisión e avaliación da concreción curricular en reunión da Comisión de coordinación pedagóxica e, se procede, a súa modificación e posterior aprobación en sesión de claustro.

o) Outros apartados